

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en produción agropecuaria.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en produción agroecolóxica.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e a Consellería do Medio Rural, para a execución da obra "Mellora das instalacións de depuración. Illa de Ons (Bueu)", de clave O.H.336.955, por importe de douscentos vinte e tres mil setecentos corenta e seis euros con sesenta e seis céntimos (223.746,66 €).
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello do Saviñao á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e Gas Natural SDG, SA, para a realización de auditorías enerxéticas en coxeración do sector industria e terciario e a análise da viabilidade técnico-económica da substitución de combustible, por importe de cento noventa e dous mil euros (192.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Asociación de Empresarios de Orixe Galega no Exterior (A Rede), para o desenvolvemento de diversas accións de promoción e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

fortalecemento da rede, por importe de dous millóns oitenta e catro mil douscentos vinte e dous euros (2.084.222,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA), para a realización de auditorías enerxéticas en explotacións lácteas, por importe de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e Pequenos y Medianos Astilleros Sociedad de Reversión, S.A. (PYMAR), para o fomento da construción naval en Galicia, mediante a suplementación da capacidade de afianzamento do Fondo Patrimonial de Garantías (FPG) de PYMAR aos contratos dos estaleiros galegos, por un importe de dous millóns seiscentos noventa e seis mil seis euros con trinta e un céntimos (2.696.006,31€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo, da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de "posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela" no espazo público de "Barbadelo" , en Sarria, por un importe total de douscentos oitenta mil noventa e catro euros con setenta e cinco céntimos (280.094,75 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo, da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de "posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela" no espazo público de "Gonzar" , en Portomarín, por un importe total de trescentos vinte e catro mil novecentos sesenta e oito euros con vinte e seis céntimos (324.968,26 €) .
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo, da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de "Rehabilitación das cubertas do claustro dos Cabaleiros, ala norte, e reposición da formación de aleiros, na fachada sur do mosteiro de Oseira", en San Cristovo de Cea-Ourense, por un importe total de douscentos corenta e un mil cento noventa euros con noventa e un céntimos (241.190,91 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo, da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de "recuperación das cubertas da igrexa do mosteiro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de Melón”, en Ourense, por un importe total de cento noventa e sete mil cento vinte e seis euros con corenta e tres céntimos (197.126,43 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Gondomar para a reforma e ampliación dun centro socio-cultural no que se atopará a escola de música de Vincios por importe total de cen mil euros (100.000,00 €).

INFORMES**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre as medidas tributarias no IRPF para o impulso á creación e capitalización de empresas galegas e á actividade económica.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia, do 21 de setembro de 2010, do presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, das actuacións directas de emerxencia de inmediata execución para solventar a situación de grave perigo causada polos danos ocasionados na canalización do Río Sar ao seu paso polo lugar de Extramundi, Concello de Padrón, de Clave EM 10.003, cun importe de trescentos oitenta e catro mil corenta e oito euros con setenta céntimos (384.048,70 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas Universidades Galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das Universidades, calquera que sexa a figura xurídica que adopten.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre enquisa de ocupación de establecementos de aloxamento regrado (INE agosto 2010 e resumo de xaneiro a agosto de 2010)

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ADAPTA Á LEI DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS DOUS NOVOS CURRÍCULOS DE FP

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os currículos dos ciclos medios de Producción Agropecuaria e Producción Agroecolóxica*
- *Deste xeito, a Xunta continúa co proceso de posta en valor da FP*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á aprobación de dous novos decretos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a adaptación dos currículos dos ciclos medios de Producción Agropecuaria e Producción Agroecolóxica á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións. Ambos os títulos son de nova creación respecto do catálogo anterior, ben que o ciclo de Producción Agropecuaria, refunde os ciclos de Explotacións Agrarias Extensivas, Explotacións Agrícolas Intensivas e Explotacións Gandeiras, co fin de conseguir un currículo adaptado ás demandas profesionais do sector. Deste xeito ponse de manifesto a importancia deste sector para a Xunta de Galicia.

Deste xeito, a Consellería leva xa adaptados 26 currículos nesta lexislatura (12 de grao medio e 14 de superior), quedando estes tamén harmonizados co Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.. Ademais, aprobou un novo decreto para regular a FP e modernizala, incluíndo nestes as novas tecnoloxías e as linguas estranxeiras. Deste xeito dáse pulo a unha FP que facilita a posterior empregabilidade dos futuros titulados nos diferentes campos profesionais; que xa de por si acadan altas taxas de inserción laboral.

Prácticas e prevención de riscos

A partir desta adaptación, estes ciclos formativos pasan a ter unha duración de 2000 horas, e inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Por outra banda, e co fin de facilitar a mobilidade desde a FP cara a outros estudos, nos novos currículos queda establecida a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE, AUGAS DE GALICIA E MEDIO RURAL COLABORAN NA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN NA ILLA DE ONS, EN BUEU**

- *A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos financia integramente a execución do presente proxecto mediante a achega económica de máis de 223.000 euros*
- *As citadas obras pretenden dar unha solución definitiva ao saneamento da illa, con medidas que están encamiñadas a conseguir unha menor afección aos valores ambientais*
- *O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é o único parque nacional de Galicia e ocupa os arquipélagos de Ons, Sálvora, Cortegada e as Illas Cíes no Océano Atlántico*
- *As inmediacións presentan unha singularidade e riqueza faunística e unha variedade de formacións vexetais que constitúen un patrimonio natural e cultural de indubidable valor científico, recreativo e educativo*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia e a Consellería de Medio Rural para a mellora das instalacións de depuración na Illa de Ons, en Bueu.

A Xunta de Galicia, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, financia integramente a execución do presente proxecto mediante a achega económica de máis de 223.000 euros.

As citadas obras, cuxo prazo de execución é de dous meses, pretenden dar unha solución definitiva ao saneamento da illa, con medidas que están encamiñadas a conseguir unha menor afección aos valores ambientais, reducindo ou corrixindo os efectos que se deriven da actuación así como procurar a maior integración das instalacións no seu contorno.

Na actualidade, hai unha depuradora para 250 habitantes, que funciona de forma inadecuada, dando problemas de olores e alivios. O bombeo atópase na zona máis turística da illa, polo que se considera urxente a súa solución. Deste xeito, realizarase o traslado da EDAR existente e o acondicionamento do bombeo mediante a instalación dos separadores de graxas. Ademais, é preciso prolongar a impulsión de residuais ata unha arqueta de rotura de carga e o colector de gravidade ata a nova depuradora.

O Goberno galego executa estes traballos consciente da importancia que estes teñen tanto para os habitantes da zona como para o contorno natural. O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é o único parque nacional de Galicia e o décimo terceiro en orde cronolóxica de España. Ocupa os arquipélagos de Ons, Sálvora, Cortegada e as Illas Cíes no Océano Atlántico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por outra parte, cabe citar que o parque presenta unha singularidade e riqueza faunística e unha ampla variedade de formacións vexetais que constitúen un patrimonio natural e cultural de indubidable valor científico, recreativo e educativo.

Obrigas

Por unha parte, Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, obrígase a asumir a parte económica e contratar as obras. Tamén se encargará do control, dirección e execución das actuacións precisas e entregará o proxecto á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, órgano ao que está adscrito o parque nacional.

Por outra parte, Medio Rural debe poñer a disposición todos os terreos necesarios para a execución das obras. Ademais, asumirá de forma definitiva o proxecto, unha vez rematados os traballos.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes colaboradoras no presente acordo. No marco da mencionada comisión, resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

O CONCELLO LUCENSE DO SAVIÑAÑO ADHIRESE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *Grazas a este acordo, o concello do Saviñaño delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística*
- *Con esta adhesión serían 52 os concellos sumados á APLU e 46 os convenios xa asinados, o que fai unha superficie total de 3.385 km² cun beneficio para máis de 197.000 habitantes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de adhesión entre o concello lucense do Saviñaño e a Axencia da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O obxectivo principal deste acordo é a colaboración no restablecemento da legalidade urbanística que corresponda neste municipio. Con esta adhesión serían 52 os concellos sumados: á APLU e 46 os convenios xa asinados, o que fai unha superficie total de 3.385 km², cun beneficio a máis de 197.000 habitantes.

Con este acordo, axústanse as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto polos ámbitos competenciais de ambas as administracións.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Condicións

En virtude deste convenio, o municipio do Saviñaño delega na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: solo rústico, solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Entre outras disposicións, o municipio do Saviñao terá que prestar cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias; facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como tanta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o convenio de adhesión

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o respectivo convenio de colaboración e logo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ás administracións municipais.

ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSA CON PRETO DE 200 MIL EUROS A EFICIENCIA NO SECTOR INDUSTRIA E TERCIARIO MEDIANTE A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS ENERXÉTICAS EN 32 PLANTAS DE COXERACIÓN

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o correspondente acordo de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e Gas Natural, con base no que se desenvolverán os devanditos estudos para analizar a viabilidade de transformar a gas natural instalacións que actualmente funcionan con fuel óleo ou gasóleo*
- *Ao remate das auditorías, estimarase o custo económico das melloras enerxéticas que resulten de interese e farase unha recomendación final sobre a idoneidade da execución dunha ou de varias delas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), adscrito á Consellería de Economía e Industria, e Gas Natural Distribución SDG S.A., polo que o Inega, no marco de colaboración que ten establecido co IDAE (*Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía*) achegará un máximo de 192.000 euros para promover actuacións tendentes a incrementar o uso racional e eficiente da enerxía en diferentes plantas de coxeración de Galicia, do sector industrial e terciario, que utilicen como enerxía primaria combustibles derivados do petróleo, analizando se é viable, desde o punto de vista técnico-económico, a substitución por gas natural.

Concretamente, ao abeiro do acordo realizaranse 32 auditorías enerxéticas en plantas de coxeración que incluírán un estudo das alternativas de transformar a gas natural as instalacións que actualmente funcionan con fuel óleo ou gasóleo. Con base no cronograma establecido entre Inega e Gas Natural, antes do 31 de decembro de 2010 deberán estar executadas 2 auditorías, ás que o Instituto Enerxético de Galicia destinará 12.000 euros, e as 30 restantes, para as que achegará 180.000 euros, terán que estar rematadas, antes do 15 de setembro de 2011, período no que está previsto que remate a vixencia do convenio. O Inega incentivará a materialización de cada unha destas 32 auditorías cunha axuda a fondo perdido do 50% do seu custo, cunha axuda máxima de 6.000 euros por estudo completado.

As auditorías desenvolveranse en varias fases. Nunha primeira, técnicos expertos electromecánicos visitarán a planta obxecto de estudo para comprobar o seu estado e para recompilar a documentación de deseño, operación e mantemento, así como as principais incidencias detectadas no seu funcionamento. Así mesmo, realizarase unha entrevista cos propietarios ou xerentes da instalación para obter información sobre os plans futuros da industria e asegurar a viabilidade das instalacións que se vaian remodelar.

Coa información obtida na visita, posteriormente ampliada polo industrial, farase unha análise do estado dos equipos e unha planificación para completar a vida de deseño da planta ao novo proxecto de coxeración de gas natural, así como de calquera outra

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

medida que contribúa a aumentar a eficiencia enerxética da planta, sempre que se estime tecnicamente viable.

Cuantificación económica das melloras

Das melloras enerxéticas que resulten de interese elaborárase unha estimación do investimento necesario para seren aplicadas e farase unha recomendación final sobre a idoneidade da execución dunha ou de varias delas. Concretamente, no caso de que a transformación da coxeración a gas natural sexa rendible preparase un orzamento de subministración de equipos, obras e servizos que inclúa, se é o caso, a conexión á rede e acometida de gas natural á planta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DESTINA 2 MILLÓNS DE EUROS A PROMOVER A INTERNACIONALIZACIÓN MEDIANTE UN CONVENIO COAS ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS GALEGOS NO EXTERIOR**

- *O acordo está orientado a dinamizar e fortalecer esta plataforma de cooperación con novas incorporacións para facilitar a prestación de máis e mellores servizos a prol da proxección exterior das empresas galegas*

Promover e acelerar a internacionalización do tecido empresarial galego a medio prazo é o obxectivo fundamental que busca a Consellería de Economía e Industria mediante a subscripción, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dun convenio de colaboración coas asociacións de empresarios galegos no exterior. O desenvolvemento deste acordo contará cunhas achegas orzamentarias que superarán os 2 millóns de euros no período 2010-2013, segundo a proposta que vén de autorizar o Consello da Xunta.

Este acordo ten tamén entre os seus obxectivos a consolidación e reforzamento dun marco estable de traballo en común para favorecer a internacionalización das empresas galegas. Entre outras accións, este convenio prevé elaborar un programa de actividades de apoio ós empresarios galegos que será levado a cabo polas asociacións asinantes. Este programa terá como obxectivo prestar servizos a institucións e empresas galegas co fin de favorecer os procesos de internacionalización da economía de Galicia.

O marco de colaboración servirá igualmente para favorecer os intercambios comerciais, a procura de socios locais para as empresas galegas e o desenvolvemento de consorcios empresariais, así como a potenciación dos investimentos en Galicia a través da procura de investidores nos países onde están asentados empresarios de orixe galega.

O convenio abre unha nova vía de colaboración coa Rede para incentivar o seu desenvolvemento, incrementando o número de empresas asociadas, promovendo especialmente a integración de socios menores de 35 anos, e o número de asociacións empresariais no exterior. A iniciativa permitirá impulsar a internacionalización das empresas galegas mediante unha ampla rede da que na actualidade forman parte asociacións de empresarios galegos en Arxentina, Brasil (2), Cataluña, País Vasco, Estados Unidos, Madrid, México, Portugal, República Dominicana, Uruguay e Venezuela.

Apoiar a celebración do “4º Encontro de Empresarios e Profesionais Galegos en Rede” é o obxectivo máis inmediato do convenio que o Consello autorizou hoxe. A data prevista para a celebración deste Encontro é do 26 ao 27 de outubro de 2010 en Santiago de Compostela.

O eixo de internacionalización do Igape é un dos prioritarios no Plan re-Forza 2010 do Igape; o orzamento neste ámbito medrou un 57% e pasou de 11,4 millóns en 2009 a 18 millóns en 2010; o convenio para dinamizar a Rede de asociacións de empresarios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

galegos no exterior servirá para seguir avanzando, pola vía da cooperación, durante os próximos anos.

ECONOMÍA E INDUSTRIA PROMOVERÁ A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA EN EXPLOTACIÓNS LÁCTEAS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, como primeiro paso para a realización deste plan de actuación, que se enmarca na aposta global do Goberno autonómico polo aforro e a eficiencia enerxética*
- *O estudo final recollerá unha avaliación económica de cada unha das medidas de aforro enerxético propostas*
- *Trátase de que estas prácticas de aforro e eficiencia no sector leiteiro sexan seguidas en máis casos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), adscrito á Consellería de Economía e Industria, e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (Agaca), polo que o Inega destinará, no marco de colaboración que mantén co IDAE (*Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía*) un máximo de 45.000 euros para a realización de 10 auditorías enerxéticas en explotacións lácteas, representativas da actividade, tanto en dimensións como xeograficamente, co obxecto de reducir os custos enerxéticos nas devanditas instalacións e de contribuír á mellora da súa competitividade.

O obxectivo que o departamento que dirixe Javier Guerra pretende co desenvolvemento do devandito estudo sectorial que se realizará desde o Inega, é optimizar o consumo enerxético nas instalacións analizadas, e que os resultados finais do estudo teñan replicabilidade en máis casos.

O Inega achegará, como máximo, 45.000 euros para a realización das 10 auditorías, o que supón unha axuda a fondo perdido do 75% do custo destas, cunha axuda máxima de 4.500 euros por estudo completo. O convenio, que estará vixente ata o 15 de setembro de 2011, tamén establece que o custo máximo por auditoría será de 6.000 euros.

Con base no convenio, Agaca, asociación que agrupa máis de 100 cooperativas na actualidade e que representa uns 40.000 membros do sector agroalimentario galego, encargárase de levar a cabo as 10 auditorías enerxéticas, para cuxa realización se realizará un inventario das instalacións; unha entrevista cos propietarios ou xerentes das explotacións; unha análise das distintas posibilidades de optimización enerxética e un informe final, coas medidas de aforro propostas.

Sobre cada unha das melloras cuxa aplicación resulte de interese, elaborárase unha estimación do investimento necesario para implementalo; o cálculo do aforro enerxético derivado da actuación e o período de retorno simple do investimento que faría falla para obter beneficio con cada unha das medidas de aforro e eficiencia enerxética propostas.

ECONOMÍA E INDUSTRIA INCREMENTA EN MÁIS DE 2,6 MILLÓNS DE EUROS A SÚA ACHEGA A PYMAR PARA APOIAR O EMPREGO E A CONSTRUCCIÓN NAVAL GALEGA

- *A construción naval atópase nunha situación na que as súas importantes carteiras de pedidos acumulan atrasos construtivos e precisan importantes volumes de financiamento bancario para poder acometer e entregar os diferentes buques en construción*
- *Na actualidade, son 10 os asteleiros galegos que forman parte de Pymar, que facturan conxuntamente máis de 850 millóns de euros e empregan*
- *A achega da Xunta permitirá, en cifras globais, o mantemento de case 5.000 postos de traballo directos e indirectos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria a sinatura dun convenio coa asociación de Pequenos e Medianos Estaleiros Sociedade de Reconversión, S.A. (Pymar) para o fomento da construción naval en Galicia da man dunha achega de máis de 2,6 millóns de euros a través da complementación da capacidade de afianzamento do Fondo Patrimonial de Garantías aos contratos dos estaleiros galegos.

A construción naval atópase nunha situación na que as súas importantes carteiras de pedidos acumulan atrasos construtivos e precisan importantes volumes de financiamento bancario para poder acometer e entregar os diferentes buques en construción. Non entanto, a situación actual das entidades financeiras non é a idónea para facilitar estes recursos e os requisitos para acceder ao crédito son cada vez máis estritos e esixentes.

Esta situación non é allea aos estaleiros galegos, que representan o núcleo máis importante de construción naval en España. As situacións das carteiras de pedidos e as dificultades que atopan as empresas para a obtención de financiamento externo implica que se prevea un notable incremento dos requerimentos de afianzamentos e garantías ao Fondo Patrimonial de Garantías de Pymar. Nesta situación, as achegas actualmente realizadas ao Fondo Patrimonial de Garantías resultan insuficientes para cumprir co obxectivo inicialmente proposto de atender todas as solicitudes de garantías por parte do estaleiros galegos.

Con base nesta situación, e para facer fronte a estas necesidades de afianzamento, o Goberno da Xunta de Galicia considera necesario a subscripción deste novo convenio de colaboración para o fomento da construción naval en Galicia, mediante a complementación da capacidade de afianzamento do Fondo Patrimonial de Garantías de Pymar aos contratos dos asteleiros galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na actualidade, son 10 os asteleiros galegos que forman parte de Pymar, que facturan conxuntamente máis de 850 millóns de euros e empregan, en cifras globais, case 5.000 traballadores dun xeito directo e indirecto, a través da importante industria auxiliar.

CULTURA E TURISMO PON EN MARCHA AS ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DE DOUS TRAMOS DO CAMIÑO FRANCÉS AO SEU PASO POR SARRIA E PORTOMARÍN POR UN IMPORTE DE 650.000 EUROS

- *O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento para a execución das obras no Camiño Francés ao seu paso por Barbadelo (Sarria) e Gonzar (Portomarín), na provincia de Lugo*
- *Estes dous proxectos completan a primeira fase do Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, deseñado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que contempla actuacións de recuperación en once tramos do Camiño Francés por un importe de 2,1 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento para a realización das obras de restauración e posta en valor do Camiño Francés na provincia de Lugo ao seu paso polos tramos de Barbadelo, no concello de Sarria, e de Gonzar, no de Portomarín, por un importe total de 605.063 euros distribuídos en dúas anualidades. A Consellería de Cultura e Turismo achegará un total de 317.362 euros, asumindo o 50 % do custo da licitación (287.701 euros) e o total da dirección das obras 29.661 euros). O Ministerio de Fomento achegará 287.701 euros con cargo ao 1% cultural.

O proxecto de restauración e posta en valor do Camiño Francés ao seu paso por Barbadelo, en Sarria, contará cun orzamento de 280.095 euros, dos que a Consellería de Cultura e Turismo investirá un total de 147.056 euros. A actuación centrase no espazo público comprendido entre o cemiterio parroquial, o campo da festa e o albergue de peregrinos. A actuación baséase na ordenación deste espazo público e solucionar determinados problemas existentes na actualidade. Entre as actuacións propostas destaca a mellora do pavimento do camiño de acceso que percorre paralelo o muro do cemiterio, con adecuación dos inestables noiros existentes coa estrada. Actúase tamén na mellora do muro do cemiterio que ten perdido varias pezas do seu aplacado, afectando negativamente á imaxe do espazo público, así como execución de remate deste para a súa mellor conservación, canalización de augas pluviais que percorren na actualidade o contorno do campo da festa, instalación de puntos de iluminación, retirada de cableado aéreo, plantación de árbores autóctonas próximas ao muro do cemiterio e instalación de bancos. Adecuación do palco da música para usos múltiples, xa que leva tempo sendo utilizado polos peregrinos nos momentos que non teñen cabida no albergue, para o que se propón un peche removible. Doutra banda, destaca a adecuación de pavimentos entre o campo da festa e o albergue, así como a adecuación da instalación de contedores do contorno próximo.

No núcleo de Gonzar, no concello de Portomarín, investiranse 324.968 euros dos que a Consellería de Cultura e Turismo asumirá un total de 170.306 euros. As instalacións aéreas actualmente existentes soterraranse e eliminaranse todos os postes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

corresponden a estas. Desmontaranse as caixas xerais de protección que están situadas en superficie sobre as fachadas dispoñéndolas empotradas para a súa mellor integración. Nas rúas do lugar renóvase todo o pavimento actual por un pavimento de formigón lavado encintado con chapacuña, aproveitando a necesidade de demoler o pavimento actual, en mal estado, para a execución das gabias para as instalacións. Na praza situada tras o albergue de peregrinos, ademais da pavimentación descrita, regularizárase a perspectiva, creando zonas de estar, rompendo a visión das granxas cunha barreira vexetal e unha lixeira elevación do chan, e situando un banco para o uso dos veciños e peregrinos. Substituirase a instalación de iluminación pública actual por unhas novas luminarias máis eficaces e mellor integradas no núcleo.

Restauración e posta en valor dos Camiños

Os proxectos de Sarria e Portomarín completan a primeira fase do Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que inclúe outras once actuacións de reparación en dez municipios de Galicia polos que discorre o Camiño Francés. A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento asinaron no mes de xuño o acordo para o cofinanciamento destas once actuacións de posta en valor cun orzamento total de 2.117.987 euros. Na súa primeira fase inclúe actuacións nos municipios de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Paradela, Monterroso e Palas de Rei na provincia de Lugo; e Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela na provincia da Coruña. O obxectivo da Consellería de Cultura e Turismo é que o Plan se amplíe a todos os Camiños de Santiago no seu desenvolvemento futuro.

Con este programa de actuacións previstas nos tramos do Camiño Francés que precisan unha meirande urxencia, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incide directamente e de xeito inmediato sobre a configuración dos propios camiños de peregrinación, dos lugares de reunión e de uso que se estruturan ao seu redor e dos elementos esenciais que os bordean, limitan e danlles forma. O Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago pretende rehabilitar e acondicionar os espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico do seu contorno co obxectivo de mellorar as condicións para o uso dos seus habitantes e dos peregrinos. O programa propón a recuperación sustentable e a posta en valor dos lugares de uso comunitario (prazas, fontes, lavadoiros, etc.) que serven de punto de encontro para a celebración de reunións, festas ou actividades comúns nos núcleos rurais. Son espazos de intercambio de cultura e coñecementos que fomentan as actividades sociais e que constitúen sinais de identidade propios e singulares da nosa paisaxe cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO ACOMETERÁ AS OBRAS DE REPARACIÓN DAS CUBERTAS DOS MOSTEIROS DE MELÓN E DE OSEIRA QUE CONTARÁN CUN ORZAMENTO DE 438.000 EUROS**

- *O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que permitirán financiar os traballos de reparación das cubertas da igrexa do mosteiro de Santa María de Melón e do Claustro dos Cabaleiros do mosteiro de Oseira en San Cristovo de Cea*
- *As obras, incluídas no Plan de Abadías, Mosteiros e Conventos, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, terán un orzamento total 438.316 euros, dos que a Consellería de Cultura e Turismo achegará 228.421 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento para a execución das obras de reparación das cubertas dos mosteiros de Santa María de Melón e San Cristovo de Cea, na provincia de Ourense, incluídas no Plan de Abadías, Mosteiros e Conventos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

En virtude do convenio, a Consellería de Cultura e Turismo executará os traballos de reparación das cubertas da igrexa do mosteiro de Santa María de Melón e do Claustro dos Cabaleiros do Mosteiro de Oseira en San Cristovo de Cea, que contarán cun orzamento de 438.316 euros, distribuídos nas anualidades de 2011 e 2012. Deste total, a Consellería de Cultura e Turismo achegará 228.421 euros consistente no financiamento das obras necesarias para a súa conservación, mellora e rehabilitación, asumindo o 50% da licitación da obra (209.895 euros) e o total da dirección das obras (18.526 euros). Pola súa banda, o Ministerio de Fomento achegará 209.895 euros, a través do 1% Cultural.

O proxecto de reparación das cubertas da igrexa do Mosteiro de Santa María de Melón contará cun orzamento de 197.126 euros, dos que a Consellería de Cultura e Turismo achegará 102.740 euros. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está a acometer actuacións de posta en valor e consolidación estrutural dos claustros e con esta obra pretende completar unha recuperación integral que permita a visita a un impresionante monumento de forma segura e agradable. A cubrición existente non cumpre nin coas condicións de estanquidade e seguridade, e resulta preciso a súa total substitución, así como repasar os sistemas de evacuación de augas, drenaxes e algún que outro reforzo estrutural. Esta reparación engádese as obras de consolidación que actualmente se están a desenvolver neste monumento.

O Mosteiro de Melón atópase na fronteira entre Ourense e Pontevedra. Fundado polos monxes cistercienses no século XII, Melón é unha inmensa mole de edificios medievais e renacentistas encravada nun estreito val rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Mosteiro de Oseira**

O proxecto de rehabilitación das cubertas do Claustro dos Cabaleiros e reposición da formación de aleiros na fachada sur da igrexa do Mosteiro de Oseira en San Cristovo de Cea, contará cun investimento total de 241.190 euros dos que a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, achegará unha partida de 125.681 euros.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pretende completar con este proxecto a recuperación dos elementos esenciais deste singular mosteiro, de extraordinarias dimensións e complexidade, de tal xeito que se dispoña de cara ao futuro dunhas condicións óptimas de conservación que permitan tanto o goce das futuras xeracións como a implantación de usos compatibles que xeren actividades que colaboren ao seu coñecemento e mantemento. No tocante ao mosteiro de Oseira, fundado a mediados do século XII baixo a orde beneditina, incorporouse con posterioridade á orde do Cister, constituíndo unha das primeiras abadías cistercienses da península.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO DESTINARÁ 100.000 EUROS PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL NO CONCELLO DE GONDOMAR QUE ACOLLERÁ A ESCOLA DE MÚSICA DE VINCIOS**

- *O Consello da Xunta vén de aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Gondomar que posibilitará a realización da obra. O orzamento global para a reforma e ampliación do centro aproxímase aos 325.000 euros.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Gondomar para a reforma dun centro sociocultural no que se situará a escola de música de Vincios. Estas obras contan cun investimento total de 324.906 euros, dos que a Consellería de Cultura e Turismo financiará 100.000 euros en dúas anualidades. Esta contía será sufragada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.

Tanto a Xunta de Galicia como a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Gondomar son conscientes da necesidade de instalacións de carácter cultural que permitan unha adecuada oferta, co fin de asegurar o acceso á cultura en igualdade de condicións para todos os galegos e garantir que estas infraestruturas culturais sexan operativas e respondan ás demandas sociais da poboación. En virtude do convenio, a Deputación de Pontevedra será a encargada de levar a cabo todas as actuacións necesarias para a realización da obra e achegará ata un importe máximo de 224.906 euros. O Concello de Gondomar como titular da infraestrutura obxecto do convenio, ademais da posta á disposición do edificio, será o encargado da súa xestión unha vez rematado o investimento.

A colaboración por parte da Consellería de Cultura e Turismo coa Deputación e o Concello decídese seguindo criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, non dispor de locais axeitados, a implicación por parte do Concello no desenvolvemento de actividades culturais ou a continuación de infraestruturas xa iniciadas. Con este acordo asegúranse, dentro das posibilidades do Goberno, os espazos necesarios para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos.

A Consellería de Cultura e Turismo enmarca esta actuación na súa prioridade de garantir á poboación unha oferta cultural axeitada e adecuada, con base nunha programación feita polos concellos e demais entidades. Deste modo, búscase conseguir unha implicación por parte da sociedade galega nos actos culturais. O Fondo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 é un documento de programación comunitaria aprobado pola Comisión Europea que recolle a articulación da estratexia da Xunta relacionada con distintos eixes prioritarios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de intervención. Nestes eixes establécense medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable local e urbano, tales como a creación e mellora de infraestruturas culturais entre os que se atopan os centros culturais (casas culturais, auditorios ou centros socioculturais).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA CONDICIONARÁ OS BENEFICIOS FISCAIS PARA CAPITALIZAR EMPRESAS Á CREACIÓN DE EMPREGO E A QUE SE MANTEÑA A PARTICIPACIÓN UN MÍNIMO DE TRES ANOS**

- *Os beneficiarios deducirán na cota do IRPF o 20% das cantidades investidas ata un máximo de 4.000 euros*
- *Terán igual tratamento os investimentos en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bursátil*
- *O Goberno galego eliminará o límite de idade para poder deducir 300 euros na cota do IRPF para novos empresarios ou profesionais co fin de favorecer o autoemprego*

A Xunta de Galicia condicionará os beneficios fiscais para capitalizar empresas, que incluírá no proxecto de lei de orzamentos para 2011, a que estas teñan o seu domicilio social e fiscal en Galicia e a que as participacións adquiridas se manteñan un mínimo de tres anos para asegurar que non se trata de investimentos especulativos, senón produtivos.

Igualmente, se se crea unha nova entidade haberá que contratar, como mínimo, dúas persoas ocupadas con contrato laboral e a xornada completa. En caso de ampliación de capital esixirase, como mínimo, un incremento medio en Galicia de dúas persoas. O cumprimento deste requisito será tamén dun mínimo de tres anos.

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, presentou ao Consello da Xunta un informe da Dirección Xeral de Tributos no que se expoñen os requisitos para beneficiarse dunha dedución na cota do IRPF do 20% das cantidades investidas ata un máximo de 4.000 euros.

Esta medida está orientada a favorecer a implantación ou ampliación da actividade de empresas situadas en Galicia. Ademais, para beneficiarse da dedución a participación non poderá superar o 40% do capital social e a entidades debe desenvolver unha actividade económica.

Outra iniciativa da Consellería de Facenda consiste nunha dedución tamén na cota do IRPF do 20% do investido en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bursátil (MAB), igualmente cun límite de 4.000 euros.

Neste caso, os requisitos para os beneficiarios tamén son que a sociedade na que invista teña o domicilio social e fiscal en Galicia, que desenvolva unha actividade económica e que se manteñan as accións un mínimo de tres anos. A diferenza coa medida anterior é que a participación non poder superar o 10% do capital social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Esta actuación pretende favorecer o financiamento do crecemento das empresas de gran potencial expansivo establecidas na comunidade galega, fomentando a participación de investidores privados nestas unidades produtivas.

O MAB é un mercado de valores dedicado a empresas de reducida capitalización que buscan expandirse, cunha regulación á medida, deseñada especificamente para estas, e cuns custes e procesos adaptados ás súas características. É un sistema promovido por Bolsas y Mercados Españoles e supervisado pola Comisión Nacional del Mercado de Valores.

Fomento do autoemprego

Por outra banda, o Executivo autonómico propón eliminar o límite de idade para poder beneficiarse dunha dedución de 300 euros na cota do IRPF para novos empresarios ou profesionais co fin de favorecer o autoemprego. Desde o ano 2007 existe este beneficio, pero limitado para os menores de 35 anos en caso de ser homes, e sen ese límite para as mulleres.

Os requisitos para acceder a este beneficio fiscal son darse de alta por primeira vez no censo de empresarios, profesionais e retedores, desenvolver a súa actividade na comunidade galega e manter esta situación durante o ano natural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DE GALICIA INVISTE PRETO DE 400.000 EUROS NAS ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA QUE ESTÁ A REALIZAR NO RÍO SAR AO SEU PASO POR EXTRAMUNDI, NO CONCELLO DE PADRÓN**

- *O obxectivo será solucionar a situación de perigo producida pola derriba dos muros do río, xa que a presenza das pedras dificulta o desaugue do leito*
- *Outra das prioridades será rehabilitar a vía de servizo paralelo ao río que comunica Iria Flavia con Extramundi*
- *A previsión é que estas actuacións de emerxencia finalicen o próximo mes de novembro, aínda que poden retrasarse polas choivas*

O Consello da Xunta foi informado hoxe das actuacións de emerxencia que Augas de Galicia está a realizar para arranxar os desperfectos causados o pasado 21 de setembro pola derriba dos muros de canalización do río Sar, ao seu paso polo lugar de Extramundi, no Concello de Padrón. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, investirá preto de 400.000 euros nestas obras.

O obxectivo é solucionar a situación de perigo producida polo derribo dos muros, xa que a presenza de pedras dificulta o desaugue do seu leito. Outra das prioridades será rehabilitar a vía de servizo paralelo ao río que comunica Iria Flavia con Extramundi. Polo tanto, considérase unha situación de máxima prioridade xa que afecta os preto de 9.000 habitantes do concello coruñés de Padrón.

Labores de emerxencia

Os traballos que se están a levar a cabo van encamiñados á retirada das pedras, á posterior escavación e recheo do terreo danado e á construción dun muro de gravidade. Ademais, faranse labores de reposición do firme da vía afectada así como a reposición das súas varandas de seguridade.

O muro de gravidade realizarase na zona onde se produciron as derrubas e que provocou o colapso da ponte de Extramundi; e despois continuarase o muro na zona onde aínda non existen riscos para evitar problemas similares no futuro.

A escavación e posterior recheo terán por finalidade aliviar a carga que soportará o noiro actual e a construción dunha plataforma lateral que servirá de apoio. O paso previo para a construción da plataforma será a colocación de entre 300 e 500 quilos de escolleira. Así mesmo, a colocación do formigón para a construción dos muros farase cando o terreo estea preparado.

Os traballos daranse por concluídos coa reposición dos servizos e a recuperación ambiental do contorno. A previsión de finalización destas actuacións de emerxencia será o próximo mes de novembro, aínda que poden retrasarse polas choivas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Sistema Fluvial Ulla- Deza**

A zona onde levaranse a cabo os traballos pertence á unha zona de protección comprendida nun Lugar de Interese Comunitario (LIC) do Sistema Fluvial Ulla-Deza.

A XUNTA DE GALICIA ASINOU NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2010 CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS POR VALOR DE MÁIS DE 9,2 MILLÓNS DE EUROS

- *O importe incrementouse un 13,27% respecto do mesmo período do ano anterior*

As distintas consellerías da Xunta de Galicia, no primeiro semestre de 2009, asinaron coas universidades galegas 81 convenios de colaboración, o que supuxo un investimento de máis de 9,2 millóns de euros, un 13,27% máis que no mesmo período do ano anterior.

Segundo un informe elaborado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o importe medio que representou cada convenio para as universidades experimentou un aumento, desde os 90.615 euros no ano 2009 até 114.040 euros no primeiro semestre de 2010, por tanto, un aumento porcentual do 25,85%.

Doutra banda, quen máis actividade representou neste eido foron a Presidencia da Xunta de Galicia (con 17 convenios); Traballo e Benestar (16); Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (11) e Cultura e Turismo (11).

Acción social e investigación

Respecto da finalidade dos convenios, o maior número de accións corresponde a axudas para as accións sociais, culturais, deportivas e voluntariado (en concreto 24, o 30% do total). Séguenlle os convenios para investigación (19), posgraos (16) e inserción dos egresados (14). Analizando as contías dos convenios, por concepto, destacan os de investigación que representan o 80,06% dos recursos achegados.

Con estas achegas, a Xunta de Galicia continúa a impulsar o desenvolvemento do Sistema Universitario de Galicia (SUG), mediante investimentos que contribúan a incrementar a excelencia e calidade do ensino superior galego.

O VOLUME DE VIAXEIROS ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS REGRADOS DE GALICIA DENDE XANEIRO A AGOSTO AUMENTOU UN 11,21% RESPECTO DO MESMO PERÍODO DO ANO PASADO

- *Os datos oficiais do Instituto Nacional de Estadística revelan que, no caso das pernoitas, o incremento deste ano foi do 8,1% en relación aos oito primeiros meses de 2009*
- *En comparación co último Ano Santo 2004, o aumento do 2010 sitúase ao redor do 5 e o 6%, considerando o volume de viaxeiros e as pernoitas, respectivamente. Trátase das cifras máis elevadas da década no conxunto da oferta regrada*
- *Os datos do conxunto de aloxamentos regrados de Galicia durante o mes de agosto revelan un aumento do 6,7% no caso dos viaxeiros e do 6,4% no das pernoitas*
- *Os valores deste mes en comparación co último Xacobeo constatan tamén unha medra de case o 2% no caso do volumen de viaxeiros e do 3,8% no das pernoitas*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o balance de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico regrado en Galicia referido ao mes de agosto. Nas súas conclusións, establece que o volume de viaxeiros aloxados en establecementos de aloxamento regrado de Galicia durante os oito primeiros meses do ano aumentou un 11,21% respecto do mesmo período do ano pasado, segundo datos oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE).

No tocante ás pernoitas o aumento foi do 8,1%. Estas cifras son as máis elevadas da década, tanto no número de viaxeiros como no de pernoitas en todo o conxunto da oferta regrada. A comparativa deste Ano Santo 2010 con respecto ao anterior Xacobeo 2004, sitúa o aumento no número de viaxeiros aloxados en establecementos de aloxamento regrado en case un 5%, mentres que o das pernoitas se sitúa nun 5,47%.

Esta dinámica positiva é unha característica común ás diferentes tipoloxías de aloxamento, pois en todas elas se melloran as cifras de 2009 e 2004. En canto aos establecementos hoteleiros, o aumento foi nos oito primeiros meses do ano dun 11,77% respecto ao mesmo período do 2009 e dun 9,17%, no que atinxe ás pernoitas. O incremento respecto da situación a nivel nacional é moi significativo, onde o volume de viaxeiros de xaneiro a agosto en hoteis e pensións quedou só no 6,10% e no das pernoitas no 5,88%. Respecto do anterior Ano Santo as diferenzas tamén son notables, xa que as subas deste ano se sitúan nun 4,43% no caso dos viaxeiros e nun 4,63% no das pernoitas. Son as cifras máis elevadas da década no segmento hoteleiro.

Establecementos extrahoteleiros

No caso dos establecementos extrahoteleiros (apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural) o aumento rexistrado no período que vai de xaneiro a agosto sitúase no 7,51% respecto do mesmo período do ano pasado, mentres o das pernoitas se situou nun 3,21%. Os incrementos deste Ano Santo respecto do Xacobeo 2004 nos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

establecementos extrahoteleiros sitúase nun 8,65% no caso do volume de viaxeiros, e nun 9,47% no caso das pernoitas.

Considerando os apartamentos turísticos, as porcentaxes de aumento respecto do ano pasado sitúanse nun 9,34% para o volume de viaxeiros e nun 1,91% no caso das pernoitas, mentres que a nivel nacional as subas foron menores: un 7,95% no caso dos viaxeiros e un 0,99% no das pernoitas.

No caso dos cámpings os aumentos dos viaxeiros situáronse nun 7,49% respecto do mesmo período do ano pasado e as pernoitas nun 3,66%, mentres que a nivel nacional o volume de viaxeiros descendeu un 0,74% respecto a 2009 e o das pernoitas se situou nun 2,01%.

No apartado de turismo rural, o aumento do volume de viaxeiros entre xaneiro e agosto foi do 7,04% e o das pernoitas do 2,73%, mentres que a nivel nacional se rexistrou unha caída do número de viaxeiros do 2,27% e do 4,68% no caso das pernoitas. As variacións respecto do Xacobeo 2004 no caso dos establecementos de turismo rural foi no caso dos viaxeiros e das pernoitas, do 14,76% e do 11,20%, respectivamente.

Comparativa mes de agosto

Os datos do conxunto de aloxamentos regrados de Galicia durante o mes de agosto revelan un aumento do 6,7% no caso dos viaxeiros e do 6,4% no das pernoitas. Os valores deste mes en comparación co último Xacobeo constatan tamén unha medra de case o 2% no caso do volumen de viaxeiros e do 3,8% no das pernoitas.

A análise dos datos dos establecementos hoteleiros constata un incremento do 7,51% no caso dos viaxeiros aloxados neste segmento en concreto, e do 7,50% no caso das pernoitas. A suba experimentada neste mes de agosto é, ademais, lixeramente máis elevada cá estatal, que se situou nun 7,03% máis no caso dos viaxeiros. Os datos galegos de agosto son tamén os máis elevados dos últimos cinco anos na nosa comunidade. Ademais, atendendo ás cifras de todo este 2010, o mes de agosto trátase do sexto mes consecutivo no que se rexistran en Galicia incrementos interanuais tanto do volume de viaxeiros como de pernoitas, en porcentaxes que superan calquera outra dos últimos dous anos. As porcentaxes de aumento en hoteis e pensións respecto do Xacobeo 2004 sitúanse nun 1,35% e nun 1,81%, para os viaxeiros e as pernoitas, respectivamente.

Doutra banda, os datos do INE revelan para os establecementos extrahoteleiros (apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural) un aumento do 3,75% no caso do volume de viaxeiros aloxados e dun 4,01% no das pernoitas. Nesta ocasión, os incrementos rexistrados respecto do anterior Xacobeo cífranse nun 3,99% e nun 8,77%, para os viaxeiros e as pernoitas, respectivamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No caso dos apartamentos turísticos, o aumento rexistrado neste mes foi do 21,36% respecto do 2009, mentres que as pernoitas se situaron nun 5,80%, cifras moito máis positivas que as experimentadas a nivel estatal, onde só quedaron no 4,73% no caso dos vaixeiros e no 4,27% no das pernoitas. As variacións con respecto ao Xacobeo 2004 neste segmento en concreto sitúanse nun 65,74% no caso dos vaixeiros e nun 10,95% no das pernoitas.

Polo que respecta aos cámpings, o aumento do mes de agosto deste ano respecto do pasado foi do 3,70% e do 5,65%, en canto a viaxeiros e pernoitas, respectivamente, mentres que a nivel nacional as subas foron moito menores, con só 0,02% no caso do volume de viaxeiros aloxados en acampamentos e do 1,39% no das pernoitas. As cifras de Galicia son as máis elevadas dos últimos cinco anos.

No segmento de establecementos de turismo rural rexistrouse, en cambio, unha diminución do 0,91% no caso dos viaxeiros aloxados e do 3,57% no caso das pernoitas, unha situación que contrarresta coas cifras positivas acumuladas dende xaneiro a agosto, como se detallou anteriormente.

Prezos hoteleiros e rendaibilidade empresarial

En canto aos ingresos medios por habitación dispoñible, a cifra media sitúase nun 5,7% máis respecto do mesmo mes do ano pasado. É o segundo maior incremento do conxunto de comunidades autónomas do Estado. Ademais este incremento medio do mes de agosto trátase do sexto consecutivo deste Ano Santo, reforzando unha tendencia que comezou en marzo e que coloca a día de hoxe o dato de Galicia nunha das comunidades que rexistrou as subidas máis fortes durante o último semestre.